

## CUESTIONARIO DE TRABAJO SOBRE A EXPOSICIÓN

A ilustración en Galicia está de noraboa. No noso país disfrutamos de ilustradores de recoñecido prestixio internacional, pero sobre todo, as nosas editoriais prestan un apoio decidido e nos últimos tempos coidan moito a calidade da edición. Na exposición podedes ollar máis de dous centenares de libros actuais en galego que son só unha pequena mostra do que se está a facer.

Pero imos tratar de investigar algo máis.

- 1.- Cantas editoriais galegas están presentes na exposición? Cantas son da nosa provincia? Reflexiona sobre o tema.
- 2.- Cal é a máis antiga? Investiga sobre os premios internacionais que recibiron (busca em internet).
- 3.- Nun dos cadros da expo podes atopar ao autor de *De profundis*. Pero ese cadro ten as ilustracións dun libro que foi libro do mes no instituto. De que libro se trata? E, quen é o ilustrador?. Busca na exposición outra obra do ilustrador. Que premio recibiu.
- 4.-Busca nos cadros da exposición as mulleres ilustradoras e consigue información sobre elas. Fai o mesmo vendo os carteis da entrada.
5. Todos os libros da exposición che parecen iguais na relación texto-debuxo? Saberías sacar algunha conclusión que che permita establecer diferenzas entre libro ilustrado e álbum ilustrado?
- 6.-Cada unha das editoriais presentes nesta exposición contén un variado número de coleccións. Que criterios se utilizan principalmente para diferenciar coleccións?
- 7.- A que cres que se debe o éxito do álbum ilustrado entre os máis novos e non tan novos?
- 8.- Cal é o gran éxito editorial do ilustrador que nos visitou, Anxo Fariña?
- 9.- Podes preguntarlles aos teus profes. Hai un cadro dunha ilustradora que foi profe do insti. De quen se trata?
- 10.-A que premio foi nominada a película de animación *De profundis*?
- 11.- Proximamente visitaranos Xabier P. Docampo, autor de *O pazo baleiro*. Averigua quen é o ilustrador desta obra e busca nos cadros outra obra ilustrada por el e que sexa do mesmo autor.
- 12.- A obra do noso cartel, *Valados*, é dun autor que nos visitou. Primeiro busca na biblioteca outras obras deste autor. A continuación, busca na exposición tres cadros do ilustrador de *Valados* e indica a que obra pertencen.

Pero a ilustración galega non é cousa de agora. Grandes persoeiros da nosa cultura ilustraron libros para autores de prestixio nacional e internacional.

13.- Busca na biblioteca estas obras e indica quen é o ilustrador de cada unha.

OBRA	AUTOR	ILUSTRADOR
<i>O porco de pé</i>	V. Risco	
<i>Os biosbardos</i>	E. Blanco Amor	
<i>Merlín e familia</i>	A. Cunqueiro	
<i>Dos arquivos do trasno</i>	R. Dieste	
<i>A esmorga</i>	E. Blanco Amor	
<i>Vento ferido</i>	C. Casares	
<i>O misterio das badaladas</i>	X. P. Docampo	
<i>Diario do mimo</i>	M. C. Panero	

14.- Un dos ilustradores anteriores destaca por realizar ilustracións para grandes autores da historia da literatura. Ímosche dar unha lista de obras, deberas averiguar o autor e descubrir de que ilustrador estamos a falar. Busca en internet ou en manuais de literatura

OBRA	AUTOR	ILUSTRADOR
<i>Siete grabados en madera</i>		
<i>Catro poemas para catro gravados</i>		
<i>Sobre los ángeles</i>		
<i>Llanto por la muerte de Ignacio Sánchez Mejías</i>		
<i>La insepulta de Paita</i>		
<i>Martín Fierro</i>		
<i>Senos</i>		

15.- Investiga en internet. Que é o laboratorio de formas de Galicia? A que empresa deu lugar? Que relación garda cos ilustradores?

16.-Busca información sobre a obra ilustrada de Castelao: título, ano de publicación e autor (se non é obra literaria propia).

17.- En que xornais estranxeiros publicou Castelao as súas ilustracións?

18.- Cales son os cinco ilustradores/as que máis che gustaron da exposición? Di tamén tres cadros que che gustasen.